

PROXECTO DE ORDE de de de 2020 pola que se crea a Comisión galega de seguridade clínica e calidade asistencial dos servizos de urxencias hospitalarias e se establece a súa composición, organización e funcionamento

A atención sanitaria urxente é unha actividade crecente na Unión Europea. No caso de España calcúlase que se realizan máis de 27 millóns de asistencia urxentes ao ano. Este incremento acompáñase dun importante aumento na complexidade dos/das pacientes atendidos/as, tanto polo envellecemento da poboación como pola elevada incidencia de procesos pluripatolóxicos ou debido á polimedicación.

A Organización Mundial da Saúde (OMS), nos seus informes do 8 de abril e do 21 de maio do 2019, avala a importancia da atención urxente nas enfermidades onde o tempo é unha dimensión da calidade asistencial. Tamén recoñece este tipo de atención como un elemento esencial da cobertura sanitaria universal. Incide, ademais, en que, en moitas ocasións, é o primeiro punto de contacto do/da paciente cos sistemas de saúde, e que a axeitada xestión da atención urxente garante un recoñecemento oportuno da enfermidade, a xestión do tratamento, a reanimación e derivación rápidos así como o tratamento continuado de enfermidades agudas no nivel apropiado do sistema de saúde, é dicir, aumentan a eficiencia e efectividade de todo o sistema sanitario.

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, no seu artigo 3, recolle que os medios e as actuacións do sistema sanitario estarán orientados prioritariamente á promoción da saúde e á prevención das enfermidades, polo que as administracións públicas competentes organizarán e desenvolverán todas as accións sanitarias a que se refire o seu título I, dentro dunha concepción integral do sistema sanitario, segundo se recolle no artigo 4.1.

O Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, refírese no seu Anexo IV á carteira de servizos comúns de prestación de atención de urxencia.

Pola súa banda, a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, establece os mecanismos necesarios para a orientación asistencial aos resultados en saúde, a potenciación do papel das persoas usuarias como decisorios, a implicación dos/das profesionais nas reformas administrativas, as actuacións clínicas e a toma de decisións baseadas na evidencia científica, así como a procura de mecanismos de integración na orientación sanitaria e sociosanitaria, todo iso baseado nos principios de equidade e participación cidadá.

O artigo 15 da citada lei dispón que a atención de urxencia se presta ao paciente nos casos en que a súa situación clínica obriga a unha atención sanitaria inmediata; e no seu artigo 59 fai referencia ás normas de calidade e seguridade que conterán os requirimentos que deben guiar os centros e servizos sanitarios para poder realizar unha actividade sanitaria de forma segura.

No ámbito da nosa comunidade, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, nos artigos 48 e 52 fai referencia explícita á atención urxente. Tamén o Decreto 209/2001, de 31 de outubro, polo que

se crea a categoría profesional de médico de urxencias hospitalarias, establece a creación da categoría, as funcións e os requisitos para acceder ás prazas de médicos de urxencias hospitalarias .

A actividade de urxencias ten tipicamente un ámbito de actuación transversal e onde a demora na resolución dos procesos pode, chegando o caso, repercutir negativamente na súa evolución, sendo elementos fundamentais a orientación multidisciplinar e un ámbito asistencial sen perfil xeográfico, o que esixe unha loxística para acceder no menor tempo posible aos pacientes co recurso adecuado ás súas necesidades. Ademais, os obxectivos asistenciais das urxencias deben centrarse na asistencia a procesos graves, na identificación do seu diagnóstico definitivo, aplicando tratamentos sintomáticos e específicos e na aplicación de procedementos de despistaxe rápidos e eficaces.

Cómpre engadir que, ao igual que calquera sistema de atención sanitaria, os servizos de urxencias hospitalarias teñen como obxectivo garantir unha atención de calidade, segura e centrada no/na paciente. Para iso é necesario analizar os procesos de atención e establecer os requisitos de calidade que deben cumprir, identificando os puntos críticos e os riscos para a seguridade do/da paciente, que deben ser analizados e avaliados para identificar e priorizar as accións de tratamento necesarias para eliminalos ou, de non ser posible, establecer os controis e barreiras necesarias para minimizar a súa frecuencia e o seu impacto no/na paciente.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, recolle que para o adecuado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, se configura o Servizo Galego de Saúde, creado mediante la Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, entre os cales se encontran, o goberno, a dirección e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao Servizo Galego de Saúde.

Neste contexto, tanto o Servizo Galego de Saúde como a Consellería de Sanidade consideran unha prioridade a creación dunha Comisión galega de seguridade clínica e calidade asistencial dos servizos de urxencias hospitalarios como un órgano colexiado de asesoramento e multidisciplinar que consensúe, coordine e desenvolva accións específicas para a optimización dos procesos asistenciais que constitúen a atención urxente co obxectivo de garantir unha asistencia de calidade, segura e centrada no paciente.

Por todos estes motivos, a Consellería de Sanidade procede, mediante a presente orde, a crear a citada Comisión, que estará integrada por persoal experto na atención sanitaria urxente no ámbito hospitalario así como en materias de calidade asistencial e seguridade clínica.

A súa creación cumpre cos requisitos recollidos nos artigos 15 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a cal lle resulta de aplicación, xunto coas disposicións de carácter básico que en materia de órganos colexiados das distintas administracións públicas establece a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

No tratamento dos datos persoais e da información en materia de saúde que obteña a Comisión

relacionada coa asistencia sanitaria prestada nos servizos de urxencia hospitalarias, aplicarase o disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

En virtude do anterior, e de acordo coas atribucións que me confiren os artigos 34.6 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

ACORDO:

Artigo 1. *Obxecto*

A presente orde ten por obxecto crear a Comisión galega de seguridade clínica e calidade asistencial nos servizos de urxencias hospitalarias, así como regular a súa composición, funcións, constitución, réxime de funcionamento e coordinación.

Artigo 2. *Natureza e réxime xurídico*

1. A Comisión configúrase como un órgano colexiado de ámbito autonómico, vinculado funcionalmente ao órgano directivo do Servizo Galego de Saúde con competencias en materia de asistencia sanitaria, para o asesoramento, adopción e desenvolvemento das estratexias específicas para a xestión dos procesos asistenciais da atención urxente, especialmente as relacionadas coa calidade asistencial e seguridade clínica.

2. Para o mellor desenvolvemento das súas funcións a Comisión poderá elaborar un regulamento interno de funcionamento.

3. A Comisión adecuará o seu funcionamento ao previsto nesta orde; ao establecido, respecto dos órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; e ao regulamento interno de funcionamento que, de selo caso, se cree.

Artigo 3. *Finalidade*

A Comisión, no desenvolvemento das súas funcións, promoverá a ordenación e homoxeneización dos procesos asistenciais da atención urxente, así como o desenvolvemento de programas, protocolos e estratexias que incidan na optimización da calidade asistencial e na seguridade clínica do/da paciente.

Artigo 4. *Funcións*

1. Son funcións da Comisión:

- a) Asesorar á consellería competente en materia de sanidade e ao Servizo Galego de Saúde en relación coa xestión dos procesos asistenciais da atención urxente, a súa calidade e seguridade clínica, así como na definición de programas, protocolos e estratexias que incidan na optimización da calidade asistencial nos servizos de urxencias hospitalarias e no incremento da seguridade clínica dos/das pacientes .
- b) Avaliar os procesos clave e puntos críticos da atención urxente, os requisitos de calidade que debe cumprir e os riscos para a seguridade do/da paciente, priorizando as accións necesarias para a súa mellora.
- c) Definir o procedemento para coñecer os datos indicativos da actividade levada a cabo nos servizos de urxencias hospitalarias, a trazabilidade dos subprocesos e os procedementos de alta dos servizos de urxencias, segundo se trate de alta a domicilio, por cambio de hospital, traslado secundario ou outra modalidade.
- d) Coordinar e promover o desenvolvemento e a difusión de protocolos, programas asistenciais e procedementos para optimizar a xestión da atención urxente, a atención das patoloxías urxentes prevalentes e a implantación dos plans autonómicos para a atención de patoloxías tempo dependentes.
- e) Definir os indicadores de calidade asistencial e seguridade clínica dos servizos de urxencias hospitalarias do Servizo Galego de Saúde, fomentando a acreditación dos mesmos así como a elaboración e implantación do seu plan de humanización.
- f) Desenvolver unha estratexia de investigación para facilitar a realización de estudos de intervención e avaliación do impacto das medidas implantadas para a mellora da calidade e seguridade clínica.
- g) Fomentar a formación homoxénea dos/das profesionais dos servizos de urxencias.
- h) Colaborar na definición e difusión de programas de comunicación interna e externa orientados a ampliar o coñecemento que dos servizos de urxencias teñen os profesionais e a cidadanía así como dos plans asistenciais para a atención de patoloxías tempo dependentes tales como ictus, infarto agudo de miocardio, sepsis, politraumatismo e calquera outra que se poda definir como tal.
- i) Calquera outra función que lle sexa encomendada pola consellería competente en materia de sanidade ou polo Servizo Galego de Saúde en relación coa xestión da atención urxente, a súa calidade asistencial e seguridade clínica.

2. No desenvolvemento das súas funcións, a Comisión integrará a perspectiva de xénero, para o cal se terán en conta as diferenzas que na análise, avaliación e intervención en materia de coidados se poidan dar en función do sexo.

Artigo 5. *Composición*

1. A Comisión estará integrada polas seguintes persoas:

a) Pola persoa titular do órgano directivo do Servizo Galego de Saúde con competencias en materia de asistencia sanitaria, que ostentará a Presidencia. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, a presidencia exercerase pola persoa de maior xerarquía, antigüidade ou idade de entre as que ocupan as vogalías da Comisión.

b) Por unha persoa que preste os seus servizos no órgano directivo do Servizo Galego de Saúde con competencias en materia de asistencia sanitaria, que ostentará a Secretaría. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, as súas funcións serán exercidas por outra persoa designada pola Presidencia.

c) Por un máximo de once vogais, que deberán pertencer ao Servizo Galego de Saúde e serán designados/as respectando a seguinte composición:

1°. Dúas persoas que sexan coordinadoras ou xefas de servizos de urxencias de hospitais de terceiro nivel.

2°. Dúas persoas que sexan coordinadoras ou xefas de servizos de urxencias de hospitais de segundo nivel.

3°. Dúas persoas que sexan coordinadoras ou xefas de servizos de urxencias de hospitais comarcais.

4°. Dúas persoas que sexan supervisoras de enfermería de servizos de urxencias.

5°. Unha persoa en representación da Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia (061).

6°. Unha persoa en representación da Sociedade Española de Medicina de Urxencias e Emerxencias en Galicia.

7°. Unha persoa que ostente un cargo directivo nunha área sanitaria.

2. As persoas que compoñen a Comisión serán nomeadas e destituídas pola Xerencia do Servizo Galego de Saúde por proposta da persoa titular da dirección xeral competente en materia de asistencia sanitaria.

O nomeamento das persoas que compoñen a comisión farase por un período inicial de tres anos,

podendo prorrogarse por períodos sucesivos dun máximo de tres anos.

Por resolución da Xerencia do Servizo Galego de Saúde ou do órgano que a substitúa, a composición da comisión renovarase cada tres anos, mediante a substitución, como mínimo, dun terzo das persoas que a compoñan.

Na composición da Comisión procurarase o respecto ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.

Artigo 6. *Presidencia*

1. Son funcións da Presidencia:

- a) Dirixir, promover e coordinar a actuación da Comisión.
- b) Desempeñar a representación institucional da Comisión.
- c) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias, así como a determinación da orde do día das sesións, tendo en conta as propostas e peticións formuladas polas persoas que a compoñen.
- d) Convocar e presidir as sesións da Comisión, moderar o desenvolvemento dos debates, suspendelos por causas xustificadas e dirimir co seu voto os empates para os efectos de adopción de acordos.
- e) Aprobar o calendario de reunións.
- f) Visar as actas e certificacións dos acordos da Comisión.
- g) Solicitar en nome da Comisión a colaboración que considere necesaria a institucións, autoridades, organismos, entidades, asociacións ou particulares, así como convidar a participar no pleno ou nas comisións que, de ser o caso, se poidan crear, a persoas expertas de recoñecida competencia nos asuntos de que se trate.
- h) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente/a da Comisión.

Artigo 7. *Secretaría*

1. Correspóndelle á Secretaría:

- a) Asistir ás sesións da Comisión con voz e sen voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións por orde da Presidencia, así como as citacións ás persoas

que a compoñen.

c) Recibir os actos de comunicación entre a Comisión e as persoas que a compoñen, así como recibir e cursar as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos de que deba ter coñecemento.

d) Preparar o despacho dos asuntos e redactar e autorizar as actas das sesións da Comisión.

e) Expedir as certificacións das consultas, acordos aprobados ou, de ser o caso, ditames e informes emitidos, de conformidade co acordado pola Comisión.

f) Custodiar e archivar as actas, resolucións, informes, ditames, propostas e documentación da Comisión.

g) Elaborar unha memoria anual que recolla todas as actividades desenvolvidas pola Comisión, que deberá ser remitida á Presidencia da Comisión para a súa revisión e posterior aprobación polo pleno daquela.

h) Cantas outras funcións sexan inherentes á condición da Secretaría.

Artigo 8. Causas de cesamento e substitución

1. Serán causas de cesamento das persoas que compoñen a Comisión as seguintes:

a) O transcurso do tempo para o cal foi realizado o seu nomeamento.

b) A renuncia expresa presentada por escrito ante a Presidencia da Comisión.

c) A revogación do seu nomeamento pola Xerencia do Servizo Galego de Saúde por proposta da Comisión.

d) A perda da condición ou cargo en virtude do cal foi designado.

2. Cando algunha das persoas que compoñen a Comisión cese por algunha das causas indicadas anteriormente, designarase outra na forma establecida no artigo 5.2.

Artigo 9. Dereitos e obrigas

1. As persoas que compoñen a Comisión terán os seguintes dereitos:

a) Recibir, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións, así como a información sobre os temas que nela figuren.

- b) Participar nos debates das sesións.
- c) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido deste e os motivos que o xustifican.
- d) Propoñer liñas de traballo.
- e) Formular rogos e preguntas.
- f) Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.
- g) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

2. As persoas que compoñen a Comisión terán as seguintes obrigas:

- a) Asistir ás sesións ás cales foron convocados e participar nos seus debates.
- b) Adecuar a súa conduta ás normas contidas nesta orde e ás directrices e instrucións que, no seu desenvolvemento, acorde o Pleno da Comisión.
- c) Gardar a debida reserva en relación coas actuacións e informacións que se traten na Comisión.

Artigo 10. *Funcionamento da Comisión*

- 1. A Comisión funcionará en pleno, sen prexuízo de que se poida acordar a creación de subcomisións ou grupos de traballo para o estudo de temas concretos. No acordo de constitución faranse constar a composición, as funcións e as finalidades da subcomisión ou grupo de traballo.
- 2. A Comisión poderá nomear persoal consultor e asesor externo que colaborarán na súa condición de persoas expertas en áreas específicas de coñecemento. Na súa participación nas reunións da Comisión, subcomisións ou grupos de traballo, as persoas expertas disporán de voz pero non de voto.
- 3. O Pleno da Comisión reunirse en sesión ordinaria, como mínimo, unha vez ao semestre. As sesións extraordinarias serán convocadas pola Presidencia, por propia iniciativa ou por proposta da maioría simple das persoas que compoñen o Pleno.
- 4. O Pleno quedará constituído en primeira convocatoria coa presenza da maioría absoluta das persoas que o compoñen. De non alcanzarse este quórum, o Pleno poderá constituírse en segunda convocatoria, media hora máis tarde da primeira, coa asistencia de dúas quintas partes das persoas que o compoñen. Nos dous casos é indispensable a presenza das persoas que ocupan a presidencia e a secretaría ou, de ser o caso, da persoa que as substitúa.
- 5. Non poderán ser obxecto de deliberación nin acordo os asuntos que non figuren incluídos na orde

do día correspondente á sesión, agás que, estando presentes todas as persoas que compoñen a comisión Comisión, acorden a declaración de urxencia do asunto co voto favorable da maioría.

6. Os acordos adoptaranse por maioría simple de votos. En caso de empate, a Presidencia decidirá co seu voto de calidade.

7. De cada sesión elaborárase a correspondente acta, que será asinada pola persoa titular da Secretaría e contará co visto e praxe da Presidencia. Na acta faranse constar, como mínimo, a relación de asistentes, o lugar, a data e hora da sesión, asuntos da orde do día, principais intervencións, resultados das votacións e os acordos adoptados. A acta remitiráselles ás persoas que compoñen a Comisión xunto coa convocatoria e a orde do día da seguinte sesión, para os efectos da súa aprobación, se procede, sen prexuízo do disposto no artigo 20.5 da Lei 16/2010, do 27 de decembro.

Artigo 11: Utilización de medios electrónicos:

1. De conformidade co previsto no artigo 21 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, relativo ao «uso de medios electrónicos»:

a) A Comisión poderá constituírse e adoptar acordos utilizando medios electrónicos, respectando as condicións e os trámites esenciais establecidos nos artigos 17 e 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro.

b) As convocatorias poderán efectuarse por medio de correo electrónico sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 21.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

c) As persoas que compoñen a Comisión poderán ser validamente convocadas de forma presencial nun mesmo lugar, ou de modo que a sesión se realice en varios lugares simultaneamente sempre que os medios técnicos permitan o normal desenvolvemento da sesión e o respecto dos dereitos das persoas que o conforman. As actas da Comisión aprobaranse ao rematar a sesión ou na seguinte sesión; non obstante, a persoa que exerza a secretaría poderá emitir certificación sobre os acordos específicos que se tivesen adoptado, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia. Así mesmo, as actas das sesións da Comisión poderán ser aprobadas por vía telemática.

2. As notificacións no marco da intervención da Comisión poderán facerse por medios electrónicos, de maneira que se acredite a data e a hora en que se produza a posta á disposición das persoas interesadas da notificación realizada, así como a de acceso ao seu contido, momento a partir do cal a notificación entenderase practicada para todos os efectos legais.

Artigo 12. Tratamento de datos de carácter persoal

O tratamento dos datos de carácter persoal que realice a Comisión no desenvolvemento das súas funcións efectuarase de acordo co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e o resto da normativa que resulte de aplicación.

O órgano directivo do Servizo Galego de Saúde con competencias en materia de asistencia sanitaria, en coordinación coa unidade responsable da seguridade da información na consellería competente en materia de sanidade, adoptará as medidas de seguridade que sexan necesarias para asegurar a confidencialidade, seguridade e integridade dos datos, velando porque o uso destes teña unha finalidade estritamente sanitaria e se axuste ao disposto na normativa europea e estatal na materia.

Disposición adicional única. Efectos sobre o gasto público

As actuacións da Comisión non xerarán incremento das consignacións orzamentarias do Servizo Galego de Saúde.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, xx de xxxxx de 2020

Jesús Vázquez Almuiña
Conselleiro de Sanidade